
**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 2 DE XULLO DE 2015,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba definitivamente a modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal no ámbito do antigo mercado do Concello da Cañiza.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Antas de Ulla para a realización das obras de acondicionamento da praza de España, por un importe de douscentos oitenta e catro mil catrocentos euros (284.400,00€).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do Contrato programa entre a Axencia Galega de Innovación e a Fundación para a Investigación, Desenvolvemento e Innovación Ramón Domínguez, para o desenvolvemento de programas de I+D+i biosanitario, por importe de trescentos cincuenta e nove mil novecentos euros (359.900,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do Contrato programa entre a Axencia Galega de Innovación e a Fundación Profesor Novoa Santos, para o desenvolvemento de programas de I+D+i biosanitario, por importe de douscentos cincuenta e nove mil douscentos euros (259.200,00 €).
- Acordo polo que se autoriza eximir a Fundación Biomédica Galicia Sur, de acordo co artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, da presentación de garantías polo importe dos pagamentos anticipados e á conta establecidos no Contrato programa entre a Axencia Galega de Innovación e a Fundación Biomédica Galicia Sur, para o desenvolvemento de programas de I+D+i biosanitario, por importe de cento vinte e cinco mil novecentos euros (125.900,00 €).

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do Contrato programa entre a Axencia Galega de Innovación e a Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC), para o desenvolvemento de programas de I+D+i, por importe de catrocentos mil euros (400.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e a Asociación Gallega de Organismos de Control Autorizados para a realización dun plan de inspección en materia de seguridade industrial en 2015, por un importe total de trescentos mil euros (300.000,00 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Granada para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de doce mil euros (12.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade do Miño para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de corenta e dous mil seiscentos cincuenta euros con oitenta e oito céntimos (42.650,88 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade Nova de Lisboa para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de doce mil euros (12.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Università degli Studi di Padova para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de doce mil euros (12.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Université de la Sorbonne Nouvelle, París III para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de doce mil euros (12.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a University of Wales, Bangor para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de vinte e un mil trescentos vinte e cinco euros con corenta e catro céntimos (21.325,44 €).

-
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade do Algarve para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de doce mil euros (12.000,00 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe sobre o inicio do proceso de participación do Plan estratéxico 2015-2020.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a incorporación ao sistema IANUS do módulo de pediatría.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Informe sobre as liñas e obxectivos da Estratexia galega sobre discapacidade (Esgadi).
- Informe sobre o calendario laboral 2016.

APROBADA A MODIFICACIÓN PUNTUAL QUE PERMITE DESENVOLVER UN POLÍGONO INDUSTRIAL DE TITULARIDADE MUNICIPAL NO CONCELLO DA CAÑIZA

- ***O Consello da Xunta, na súa reunión de hoxe, deu o visto e prace ao proxecto de decreto de aprobación definitiva da modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal***
- ***Esta instalación industrial ocupará os terreos do antigo mercado gandeiro, que na actualidade están en desuso***


A Xunta de Galicia aproba definitivamente a modificación puntual que permite desenvolver un polígono industrial de iniciativa municipal no Concello da Cañiza. O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, aprobou o proxecto de decreto de aprobación definitiva de modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal da Cañiza. Esta nova instalación industrial estará situada nos antigos terreos do matadoiro municipal, que na actualidade está en desuso.

Trátase dun ámbito de 51.894 m², que pasará a clasificarse como solo urbanizable delimitado industrial terciario con ordenación detallada, ao tempo que desenvolve outros usos, dotacional e de zonas verdes.

Tal e como se recolle na modificación aprobada, as superficies equivalentes de equipamento e zona verde que se suprimen compensaranse cun solo próximo, contiguo a unha área de equipamentos docentes xa existentes doutro lado ao enlace da autovía, máis próxima ao centro da Cañiza, nuns terreos que quedaron despois da execución do enlace entre a A-52 e a N-120.

O interese público desta actuación, tal e como esixe o artigo 94.1 da Lei do solo, xustifícase pola implantación de usos produtivos necesarios incorporando actividades económicas

Na seguinte imaxe pode observarse como quedaría o ámbito obxecto da modificación puntual.



MEDIO AMBIENTE DESTINA MÁIS DE 280.00 EUROS ÁS OBRAS DE MELLORA DA PRAZA DE ESPAÑA NO CONCELLO DE ANTAS DE ULLA

- ***Na actualidade o pavimento está deteriorado e a existencia de árbores provoca o seu levantamento, feito que provoca deficiencias de accesibilidade***
- ***Os traballos consistirán na reposición do pavimento e na mellora do contorno da praza coa dotación de xardíns, mobiliario e iluminación pública***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou, na súa reunión desta mañá, o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Antas de Ulla, para a realización de obras de acondicionamento na praza de España. En virtude desta colaboración, a Xunta de Galicia achegará o 100% do investimento, que se eleva a 284.400 euros.

A praza de España forma parte do núcleo histórico de Antas de Ulla, e presenta unha planta rectangular e no seu contorno está situada a Igrexa Parroquial de San Xoán de Antas de Ulla e a Casa do Concello. É unha infraestrutura paralela á estrada N-640 e á avenida Xeneral Portomeñe, unha zona de encontro e convivencia e espaxamento dos veciños da vila e do seu contorno, que constitúe o núcleo da vila e a imaxe do municipio.

Na actualidade, o pavimento existente está deteriorado e a existencia de árbores na súa contorna provoca o seu levantamento, o que constitúe un perigo para os peóns de todas as idades e constátase unha accesibilidade deficiente.

A necesidade desta actuación está xustificada no feito de que se trata do único espazo aberto de recreo co que conta a poboación da vila e o núcleo de reunión principal dos cidadáns. Asemade, esta praza linda coa N-640, polo que resulta imprescindible garantir a seguridade dos usuarios e mellorar a accesibilidade.

Así, os traballos consistirán na substitución completa do pavimento, mellorarase non só tecnicamente a solución actual, senón que se adecuará a un maior grao de calidade ambiental, acorde co valor histórico da praza e do seu contorno e mellorarase a accesibilidade ao recinto, ampliando deste xeito as posibilidades de uso por parte da poboación.

Tamén se mellorará o contorno da praza coa dotación de xardíns, mobiliario e unha fonte ornamental, facendo un espazo agradable para a cidadanía, e cambiarase a iluminación pública por unha instalación de maior rendemento e menor consumo.

Tal e como se recolle no texto do convenio aprobado hoxe, a Consellería de Medio Ambiente asumirá o custo das obras, mentres que o Concello de Antas de Ulla realizará as xestións pertinentes para a obtención dos permisos, licenzas e autorizacións; tamén levará a cabo as actuacións de contratación, execución e dirección de obras.

—

A actuación enmárcase no Plan Hurbe 2015 que persegue promover o desenvolvemento das vilas e dos núcleos rurais con criterios de sustentabilidade económica, ambiental e social.

A XUNTA REALIZA UNHA NOVA APOSTA POLA CONSOLIDACIÓN DOS CENTROS DE COÑECEMENTO GALEGOS E A CONTRATACIÓN DE PERSOAL INVESTIGADOR CON 1,2 MILLÓNS

- ***A Consellería de Economía e Industria asina os contratos programa de 2015 cos centros da Plataforma de Innovación Sanitaria do Sergas, os centros galegos do CSIC e do IEO, e coa Fundación Galega de Medicina Xenómica***
- ***O obxectivo é consolidar o funcionamento dos centros de coñecemento á marxe de proxectos concretos, con especial atención aos recursos humanos***
- ***Os beneficiarios teñen que acreditar o cumprimento de esixentes indicadores de actividade, centrados na súa capacidade para transferir resultados ao mercado***
- ***Esta fórmula ten achegado, nos últimos 3 anos, preto de 11 millóns de euros ao conxunto dos centros de coñecemento galegos e contribúe á mellora das súas capacidades***
- ***A iniciativa complementa outro tipo de actuacións como o Conecta peme ou as unidades mixtas de investigación, que fomentan a cooperación entre empresas e centros tecnolóxicos para a mellora competitiva do tecido produtivo***

O Goberno galego ten na transferencia de resultados da investigación á empresa un dos eixes fundamentais de impulso da innovación coa meta de incrementar a competitividade do tecido empresarial. Neste sentido, a Xunta de Galicia destinará este ano 1,2 millóns de euros á sinatura de contratos programa cos centros galegos do Instituto Español de Oceanografía (IEO) e do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC), coa Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica e cos centros de investigación da Plataforma de Innovación Sanitaria do Sergas. Neste grupo están a Fundación de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Ramón Domínguez, ligada ás áreas sanitarias de Santiago e Lugo; a Fundación Profesor Novoa Santos, vinculada ás áreas da Coruña e Ferrol; e a Fundación Biomédica Galicia Sur, que comprende Ourense e Pontevedra. O obxectivo é mellorar as súas capacidades e impulsar a contratación e retención do mellor talento.

Aínda que cada un dos centros concreta os seus obxectivos segundo os campos específicos de traballo, os contratos- programa coas fundacións sanitarias e cos centros do CSIC teñen en común a potenciación de liñas estratéxicas de investigación para promover a excelencia científico- técnica e, sobre todo, a formación, captación e retención de talento, polo que entre as actuacións que se financian figuran a contratación de investigadores e accións de mobilidade para o persoal.

Así mesmo, prevese de xeito prioritario a protección, valorización e transferencia dos resultados de investigación para conseguir que os centros de coñecemento actúen como motor de competitividade e crecemento económico. Finalmente, os contratos-programa incrementarán a participación e captación de fondos dos programas europeos de I+D+i para posicionar o labor científico realizado en Galicia no Espazo Europeo de Investigación.

—

No caso do IEO e da Fundación de Medicina Xenómica o financiamento concentrarase na potenciación de liñas estratéxicas de investigación, no primeiro caso co obxectivo de desenvolver servizos a usuarios dos sectores pesqueiro e marisqueiro e no segundo no marco dun programa de I+D+i biosanitario.

Esixentes criterios de avaliación

Os contratos programa, coñecidos hoxe polo Consello da Xunta, encádranse no desenvolvemento da Estratexia de especialización intelixente – RIS3, cuxas liñas de actuación se orientan á captación de financiamento, ao apoio ao talento galego e á transferencia de resultados da investigación ao mercado. Neste marco, implican o cumprimento de esixentes indicadores de xestión e de resultados por parte de cada fundación para consolidar as súas dotacións. O organismo encargado de controlar e validar estes indicadores é a Axencia Galega de Innovación.

Estes acordos promoven e incentivan o esforzo na obtención de resultados de calidade e facilitan a estabilidade do persoal investigador. O financiamento está ligado á obtención de resultados contrastables, co compromiso por parte de cada centro de desenvolver un programa por obxectivos individualizado, con especial atención á transferencia de coñecemento. Así, entre os obxectivos específicos figuran, ademais das publicacións e proxectos, a creación de unidades mixtas e de empresas de base tecnolóxica para explotar resultados de investigación. Desta forma, os contratos programa complementan outro tipo de actuacións como o Conecta Peme ou as unidades mixtas de investigación, que fomentan a cooperación entre empresas e centros tecnolóxicos para a mellora competitiva do tecido produtivo

Estes novos contratos programa dan continuidade aos aprobados recentemente para os centros tecnolóxicos consolidados: AIMEN, Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións de Galicia (Gradient), Anfaco- Cecopesca, Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia (CTAG), Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG) e EnergyLab. A fórmula, posta en marcha en 2013 para dotar os centros de coñecemento galegos de financiamento estable, é dicir, non dependente de proxectos concretos, contribuíndo a mellorar a súa competitividade, suma desde entón preto de 11 millóns de euros.

O NOVO PLAN DE SEGURIDADE INDUSTRIAL IMPULSARÁ 500 INSPECCIÓNS PARA MELLORAR A PREVENCIÓN E A COMPETITIVIDADE DAS EMPRESAS GALEGAS

- ***O programa prevé inspeccións en ámbitos como o almacenamento de produtos químicos, os aparellos elevadores, os combustibles gasosos, as instalacións petrolíferas ou a regulamentación eléctrica***
- ***O obxectivo é pór en valor a seguridade como parte fundamental dos procesos produtivos, contribuíndo á mellora competitiva e ambiental do tecido empresarial galego***
- ***Trátase da cuarta edición dun plan que, en colaboración coa Asociación Galega de Organismos de Control Autorizado (Asgoca), permitiu reducir á metade o número de inspeccións desfavorables***
- ***O Goberno galego contribúe así, no marco da Axenda da competitividade Galicia – industria 4.0, a promover unha industria segura, innovadora e xeradora de emprego de calidade***

A Xunta de Galicia pon en marcha un ano máis un novo Plan de seguridade industrial co obxectivo de impulsar a mellora da seguridade, da competitividade e da sustentabilidade ambiental do tecido empresarial galego. Así, o Consello da Xunta coñeceu hoxe esta actuación que, promovida pola Consellería de Economía e Industria, suma medio milleiro de inspeccións encamiñadas a reforzar a seguridade como parte fundamental dos procesos produtivos que desenvolven as empresas.

Neste sentido, a cuarta edición deste plan contribúe á dinamización do tecido industrial, á detección temperá de condicións de risco, e á implantación de medidas preventivas que redundan nunha maior seguridade de uso dos equipamentos e instalacións por parte dos seus usuarios. Non en van, a execución do programa, en colaboración coa Asociación Galega de Organismos de Control Autorizado (Asgoca), permitiu reducir á metade o número de inspeccións desfavorables e contribuíu, no marco da Axenda da competitividade Galicia-industria 4.0, a promover unha industria segura, innovadora e xeradora de emprego de calidade.

Para levar a cabo este labor de control, realizaranse inspeccións en 500 establecementos industriais nos cales se comprobará unha dúcia de campos de actividade: almacenamento de produtos químicos, aparellos de presión, elevadores, almacenamento e distribución de envases de GLP, estacións de servizo para vehículos a gas, almacenamento de GLP en depósitos fixos, plantas satélites de gas natural licuado, gases licuados do petróleo, instalacións petrolíferas, equipamentos frigoríficos, instalacións térmicas en edificios, regulamentación eléctrica de alta e baixa tensión.

En todas elas, se terá en conta a adecuación da posta en funcionamento dos establecementos e das instalacións respecto dos regulamentos de seguridade e normativa da aplicación. A estas inspeccións cabe sumarlle tamén as das declaracións responsables

que presentan os prestadores de servizos no ámbito da seguridade industrial, e as dos establecementos industriais afectados pola normativa de accidentes graves.

Co desenvolvemento do Plan, a Consellería de Economía e Industria dá continuidade ao traballo desempeñado ata o de agora, sumando máis de 2.000 inspeccións realizadas que permitiron mellorar a prevención avaliando a seguridade e a calidade do funcionamento de instalacións como as frigoríficas, as de protección contra incendios ou as eléctricas de baixa tensión.

Cómpre salientar que os establecementos, para incluírse no plan de inspección, seleccionáranse tanto con base en criterios de oportunidade como de aleatoriedade. No caso de detectarse irregularidades, recibirán unha serie de recomendacións para introducir melloras que lles permitan unhas condicións de traballo máis seguras.

A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN DESTINA PRETO DE 124.000 EUROS A RENOVAR A COLABORACIÓN PARA O ENSINO DA LINGUA GALEGA EN UNIVERSIDADES DE TODA EUROPA

- ***O Consello da Xunta deulle hoxe o visto e prace á sinatura de novos convenios coas universidades de Bangor, do Algarve, de Granada, do Miño, Nova de Lisboa, de Padua e coa Université de la Sorbonne Nouvelle-París III***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria destinará preto de 124.000 euros á renovación da colaboración coa University of Wales, Bangor, coa Universidade do Algarve, coa de Granada, coa do Miño, coa Universidade Nova de Lisboa, coa Università degli Studi di Padova e coa Université de la Sorbonne Nouvelle, París III para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas. O obxectivo destes acordos, aos cales lle deu hoxe luz verde o Consello da Xunta, é impulsar e difundir fóra do territorio da Comunidade Autónoma a nosa lingua e cultura propias.

Ao abeiro destes convenios, as universidades comprométense a darlle continuidade ao ensino do galego nos seus plans de estudo, tanto a través das diferentes materias que imparten como da organización de actividades de investigación, promoción e difusión da nosa lingua. Co importe das achegas poderán adquirir o material bibliográfico, fonográfico, videográfico, informático e infraestrutural necesario para realizar as accións recollidas no convenio, así como acoller a persoa lectora de lingua, literatura e cultura galegas destinada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística que, como complemento práctico ao seu programa de formación, colaborará no desenvolvemento das actividades.

O galego no exterior

A Consellería contribúe ao mantemento de centros de estudos galegos en universidades de Alemaña, Croacia, España, Finlandia, Francia, Hungría, Italia, Irlanda, Polonia, Portugal, Reino Unido, Rusia e EEUU, ata sumar un total de case 1.400 estudantes de galego. Ademais, as universidades de Santiago de Compostela, da Coruña e de Vigo, a través de convenios coa Secretaría Xeral de Política Lingüística, organizan cursos de verán de lingua e cultura galegas para estranxeiros que acollen, cada ano, durante o mes de xullo, máis dun cento de estudantes procedentes de diversos países de todo o mundo coa intención de adquiriren coñecementos sobre a lingua e a cultura de Galicia.

Por outra banda, xa no nivel non universitario, o galego tamén está presente nos plans de estudo de centros educativos doutras comunidades de España (Cataluña e Castela e León), así como en centros coma o Santiago Apóstol de Bos Aires ou o Instituto Español Vicente Cañada Blanch de Londres.

O PLAN ESTRATÉXICO 2015-2020 REFORZARÁ A RECUPERACIÓN DA ECONOMÍA GALEGA CUN NOVO MODELO DE CRECEMENTO BASEADO NA INNOVACIÓN E O CAPITAL HUMANO

- ***A Xunta dá inicio ao proceso de participación deste plan, no cal actuará a sociedade civil en alianza co Goberno galego, empresas e universidades***
- ***Terá catro eixes de actuación prioritarios: empregabilidade; benestar e cohesión social; crecemento sustentable e sector primario, e sociedade dixital***
- ***Establécense tamén catro principios transversais: a recuperación demográfica, o fomento do emprendemento e a internacionalización, o impulso da innovación e a fixación da poboación no medio rural***
- ***Para fomentar a participación cidadá consultaránse os 500 principais axentes galegos e activaranse foros de debate temáticos e un comité asesor***
- ***O deseño do plan inclúe un modelo orientado a resultados a través dun seguimento permanente, adaptando o documento á realidade de cada momento***
- ***O Plan estratéxico 2015-2020 aspira a acadar unha Galicia máis igualitaria, con máis emprego, con maior cohesión territorial e social e cun benestar reforzado***

O Plan estratéxico 2015-2020 reforzará o proceso de recuperación da economía galega a través dun novo modelo de crecemento baseado na innovación e no capital humano, e será definido mediante un proceso no cal participará activamente a sociedade civil. Deste xeito, iníciase o proceso de participación do Plan Estratéxico 2015-2020, que dá resposta a un compromiso da Xunta e que será un instrumento de planificación útil para fomentar un novo modelo de crecemento para Galicia, segundo establece un informe presentado no Consello da Xunta polo conselleiro de Facenda, Valeriano Martínez.

Así, o plan ten que servir para consolidar a recuperación económica na segunda metade da década, nun momento en que os indicadores macroeconómicos empezan a mostrar unha aceleración desa recuperación. O obxectivo é acadar a medio prazo unha Galicia máis igualitaria e con máis oportunidades, con máis emprego e máis produtividade, cunha maior cohesión territorial e social e cun benestar reforzado.

O plan contará con catro eixes estratéxicos: empregabilidade e crecemento intelixente (eixe 1); benestar das persoas e das familias e cohesión social (eixe 2); crecemento sustentable, territorio, mar, agricultura, gandaría e montes (eixe 3); e sociedade dixital, cultura e reforzo do peso de Galicia no seu contorno (eixe 4). Ademais, haberá un eixe instrumental para afondar nunha Administración moderna, eficiente e de calidade.

Principios transversais

Os eixes de actuación están relacionados cos catro principios transversais do Plan estratéxico, que marcan as prioridades da Galicia de 2020: a recuperación demográfica, o fomento do emprendemento e da internacionalización, o impulso da cultura da innovación e a fixación da poboación no medio rural galego.

Este plan está en liña coa Estratexia europea 2020, tendo en conta a programación de fondos comunitarios e a planificación do Goberno de España. Tamén será un plan de Goberno no cal se recollerán as prioridades dos departamentos autonómicos, incluídos os plans sectoriais da Xunta. Así, o Plan estratéxico incluírase xa nos Orzamentos de 2016.

Obxectivos definidos

Os 74 obxectivos estratéxicos do plan mediranse a través de 110 indicadores, mentres que as 324 liñas de actuación se avaliarán mediante 309 indicadores. Todo iso, xunto aos eixes e os principios transversais, establecen as prioridades da Galicia para os vindeiros anos.

Así, no eixe 1 os obxectivos pasan por consolidar as políticas de gasto vencelladas á I+D+i, fomentar a actividade empresarial e comercial, impulsar a competitividade e a internacionalización, completar as infraestruturas básicas e consolidar un sistema educativo que minimize o fracaso escolar en liña coas rexións europeas líderes.

No eixe 2, as prioridades serán acadar un sistema sanitario sustentable e de calidade, desenvolver o sistema de servizos sociais de atención aos maiores e dependentes, mellorar os servizos sociais, deseñar unha estratexia de integración social para axudar os máis desfavorecidos e garantir o acceso a unha vivenda digna.

En canto ao eixe 3, un dos obxectivos será fomentar o sector primario con base na innovación e na calidade para fixar poboación no medio rural. Tamén se priorizarán as enerxías renovables eficientes, o turismo, conservar a natureza e ordenar o territorio, e pechar un modelo consistente de tratamento de residuos e un modelo de ciclo da auga líder en Europa.

E no eixe 4 márcanse como prioridades o apoio á industria cultural para o desenvolvemento da sociedade dixital e das TIC, promover a lingua galega como vínculo de unión, conservar a riqueza cultural e reformar o modelo de Galicia como autonomía histórica baseado na interlocución e colaboración con España, coa Unión Europea e coa Eurorrexión.

Participación

O Plan estratéxico 2015-2020 deséñase non como un plan da Administración, senón como un proxecto conxunto da sociedade civil, co obxectivo primordial de mellorar a vida dos galegos. Para iso, o modelo de elaboración parte da tripla hélice (Administración, universidade e empresa) e engádeselle a sociedade civil.

Así, achegarase a documentación base á sociedade civil e contarase coa opinión das 500 principais entidades de Galicia, fomentando a máxima participación a través de foros de debate temáticos e mesas especializadas. Con este proceso coñeceranse as prioridades dos sectores participantes e obterase un documento final enriquecido polos axentes sociais.

Ademais, no proceso de elaboración do plan contarase cun comité asesor, que se encargará de estudar e formular as recomendacións sobre as necesidades e capacidades da Galicia da segunda década do século XXI, en permanente conexión coa cidadanía a través das entidades e colectivos que representan os seus membros.

A PLATAFORMA IANUS INCORPORA UN MÓDULO DE PEDIATRÍA PARA O REXISTRO ELECTRÓNICO DA INFORMACIÓN DO PROGRAMA DO NENO SAN DE ATENCIÓN PRIMARIA

- **Permite o acceso electrónico á información clínica dos controis de saúde infantil desde calquera centro sanitario do Servizo Galego de Saúde**
- **Tamén estará accesible a información do calendario vacinal do paciente**
- **O seguimento deste programa facíase ata o momento en formato papel por parte dos profesionais responsables de pediatría e enfermaría**

A conselleira de Sanidade, Rocío Mosquera Álvarez, informou ao Consello da Xunta da creación dun módulo de pediatría de IANUS que permite o rexistro electrónico da información clínica relacionada co Programa do neno san na atención primaria. Isto permite un mellor seguimento dos nenos de Galicia en todo o ámbito da nosa comunidade autónoma, de tal forma que en calquera centro sanitario, sexa de atención primaria ou de especializada, pode accederse a esta información que ata o de agora estaba en papel e dispoñible unicamente en cada un dos centros correspondentes.

Os controis de seguimento infantil que xestiona o novo módulo de IANUS recollen todos os datos de actividades preventivas e de promoción da saúde do neno, desde o nacemento ata os quince anos. Toda a información ata agora rexistrada na historia clínica en papel, incluíndo a información do calendario vacinal no paciente, ten a súa correspondencia no módulo de Pediatría de IANUS.

Este módulo constitúe unha completa guía onde o profesional pode recordar, revisar e rexistrar todas as actividades de promoción da saúde do neno para cada un dos rangos de idade. En total, establece 14 controis aos 7-15 días do nacemento, 1 mes, 2 meses, 4 meses, 6 meses, 9 meses, 12 meses, 18 meses, 2 anos, 3-4 anos, 6 anos, 9-10 anos, 12 anos, e 14 anos.

Ademais, o módulo contén un bloque específico para rexistro de datos somatrométricos (peso, talle, índice de masa corporal e velocidade de crecemento) compartido por todos os profesionais responsables da asistencia do neno tanto en primaria como en especializada, mesmo inclúe as gráficas de valores de talle e peso, e o cálculo dos percentís de forma automática.

Tamén dá acceso a tests pediátricos específicos, fundamentais para o control do desenvolvemento infantil, e que están dispoñibles para os profesionais responsables de cubrilos (como o test psicomotor, o test de Tanner e outras pautas de alimentación, entre outros contidos).

Coa posta e marcha deste módulo, a Xunta de Galicia aposta pola mellora da asistencia sanitaria no control do neno san, garante a rastrexabilidade da información e o acceso a ela por todos os profesionais que interveñen na asistencia sanitaria dos nosos nenos e nenas, ao tempo que aposta polo respecto ambiental ao deixar de utilizar papel para o rexistro da

información clínica correspondente aos controis do programa.

Programa do neno san

O desenvolvemento do novo modelo de atención primaria e da pediatría extrahospitalaria propiciou a prestación dunha asistencia integral e integrada á poboación infantil e condicionou a reorientación, desde unha acción meramente curativa ata a integración das actividades preventivas e de promoción da saúde, no seo da actividade asistencial.

Así naceu o Programa do neno san hai máis de 30 anos, no cal se protocolizaron as actuacións de educación sanitaria dirixidas aos nenos e ás familias e as actividades preventivas e de detección precoz dos problemas de saúde máis habituais, marcando a idade oportuna e a periodicidade da súa realización.

O novo IANUS de Pediatría actualiza estes contidos adáptaos ás novas guías e recomendacións científicas existentes.

A XUNTA ULTIMA A NOVA ESTRATEXIA GALEGA SOBRE DISCAPACIDADE (ESGADI) QUE PARTE DUN DOCUMENTO CON SEIS LIÑAS ESTRATÉXICAS E 70 OBXECTIVOS

- ***O Consello da Xunta coñeceu hoxe o primeiro informe sobre esta folla de ruta, que xa ten determinados as súas liñas estratéxicas e obxectivos operativos***
- ***A partir de agora iniciarase a segunda fase da súa redacción, na cal se establecerán as medidas concretas***
- ***Trátase dun plan cun marcado carácter participativo, que se está elaborando no seo dun grupo de traballo creado dentro do Consello Galego de Benestar Social, e no que participan a totalidade de entidades do ámbito da discapacidade que se integran no Cermi-Galicia***
- ***A previsión é contar co documento definitivo, no cal se inclúan as distintas achegas de entidades e outros departamentos, no último trimestre deste ano***
- ***As seis liñas estratéxicas que o conforman son: accesibilidade; autonomía persoal; educación; formación e emprego; saúde; e servizos sociais***

O borrador da nova Estratexia galega sobre discapacidade (Esgadi) parte cun total de 6 liñas estratéxicas e 70 obxectivos operativos. Así se recolle no primeiro informe sobre esta folla de ruta -coñecido hoxe polo Consello da Xunta- que senta as bases da planificación das accións públicas dirixidas ás persoas con discapacidade no período 2015-2020.

Neste documento recóllense os avances realizados polo grupo de traballo na primeira fase de redacción do plan. A partir de agora, iniciarase a segunda fase, durante a cal se acordarán as medidas concretas, co obxectivo de ter rematada esta planificación no próximo mes de outubro.

Para elaborar esta estratexia, e por decisión acordada polo Consello Galego de Benestar Social, constituíuse un grupo de traballo en marzo, no cal tamén está incorporadas a totalidade das entidades do ámbito da discapacidade que se integran no Cermi-Galicia. Desde ese momento, realizáronse reunións semanais para acordar os diferentes contidos, polo que a participación e o consenso son elementos definidores e fundamentais desta planificación.

Nestes encontros establecéronse as seis liñas estratéxicas (accesibilidade; autonomía persoal; educación; formación e emprego; saúde; e servizos sociais) e fixéronse tres áreas transversais (deseño para toda a cidadanía; participación e investigación; e innovación e calidade).

Todo o deseño do plan está configurado para facer fincapé naquelas áreas que se considera prioritario reforzar, de acordo coas conclusións extraídas tras avaliar o anterior Plan de acción integral das persoas con discapacidade, así como seguindo as demandas postas de manifesto polas entidades representativas do ámbito da discapacidade a través da súa participación no grupo de traballo.

Ademais, tamén se seguiron as recomendacións da Unión Europea e adoptouse unha perspectiva integral, polo que o documento ten en conta os diferentes plans sectoriais como o VI Plan galego para a igualdade entre mulleres e homes. Estratexia 2013-2015 ou a Estratexia de inclusión social 2014-2020.

O período de vixencia desta Estratexia será ata 2020, aínda que o plan de acción –que estará listo en decembro- recollerá unha planificación dividida en dúas etapas: 2016-2017 e 2018-2020.

Atención á discapacidade

A aposta do Goberno galego por ofrecer a mellor atención a este colectivo reflíctese en iniciativas como esta, pero tamén nos orzamentos xerais para 2015, nos cales por segundo ano consecutivo o investimento para esta partida se incrementa ata acadar case 100 millóns de euros. Dentro deste orzamento, cabe destacar especialmente os preto de 18 millóns de euros que se destinan aos programas de emprego e discapacidade ou as case 5.000 prazas públicas que se manteñen neste eido, e que son un 20 por cento máis das que existían hai seis anos.

Segundo os últimos datos do censo de persoas con discapacidade correspondentes a 2014, hai en Galicia un total de 214.248 persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento, das cales aproximadamente o 45 por cento están en idade laboral.

O CALENDARIO LABORAL DE GALICIA PARA 2016 INCLUIRÁ COMO FESTIVOS PROPIOS O 17 DE MAIO E O 24 DE XUÑO

- ***A Consellería de Traballo levou hoxe a Consello da Xunta a proposta do calendario laboral para o próximo exercicio, que será publicado posteriormente nun decreto***
- ***O calendario laboral está establecido polo Real decreto 2001/1983 que fixa 14 festivos: dous elixidos por concellos, aos cales se suman 12 marcados polo Estado***
- ***Destes 12, un total de 9 son de carácter nacional e obrigatorio e 3 poden ser substituídos polas comunidades autónomas, aínda que tradicionalmente estes 3 nunca son cambiados por Galicia***
- ***Dos 9 festivos obrigatorios, se algún coincide en domingo, a Comunidade Autónoma pode substituílo polo luns seguinte, ou ben por outro día de interese***
- ***En 2016 dous festivos obrigatorios serán un domingo: o 1 de maio, que se substitúe polo 17 de maio, martes, Día das Letras Galegas; e o 25 de decembro, que se cambia polo 24 de xuño, venres, con motivo da celebración do día de San Xoán***

O calendario laboral galego para 2016 incluírá como festivos propios os días 17 de maio, martes; e 24 de xuño, venres. O próximo exercicio hai dous festivos que coinciden en domingo: o 1 de maio, que se substitúe polo 17 de maio, martes, Día das Letras Galegas; e o 25 de decembro, que se cambia polo 24 de xuño, venres, con motivo da celebración do día de San Xoán.

O Consello da Xunta coñeceu hoxe o informe que recolle a proposta do calendario laboral de cara ao ano que vén. Posteriormente, terá que ser aprobado por decreto.

O Real decreto 2001/1983 establece o calendario laboral, que fixa as festas de ámbito nacional non recuperables, remuneradas e de carácter obrigatorio. Esta normativa establece un máximo de 14 festivos anuais.

Destes 14 festivos, 2 son elixidos por cada concello. Dos outros 12 restantes, 9 son de carácter obrigatorio e non substituíbles (1 de xaneiro, Venres Santo, 1 de maio, 15 de agosto, 12 de outubro, 1 de novembro, 6 de decembro, 8 de decembro e 25 de decembro), mentres que outros tres festivos poden ser substituídos polas comunidades autónomas. Galicia tradicionalmente non cambia estes tres festivos, xa que son o 6 de xaneiro, o Xoves Santo (todas as comunidades manteñen sempre estes dous festivos), e o 25 de xullo, que na nosa comunidade sempre se fixa xa que é o Día Nacional de Galicia.

Hai que ter en conta que se algún dos 9 festivos nacionais de carácter obrigatorio cae en domingo, a Comunidade pode substituílos ou ben polo luns seguinte ou por outro día que fixe a propia Comunidade Autónoma. Este é o caso en 2016 do 1 de maio e do 25 de decembro.

Calendario laboral de Galicia para 2016

FESTIVIDADE	DATA	
Ano novo	1 xaneiro	venres
Epifanía do Señor	6 xaneiro	mércores
Xoves Santo	24 marzo	xoves
Venres Santo	25 marzo	venres
Festa do Traballo	1 maio	domingo
Día das Letras Galegas	17 maio	martes
San Xoán	24 xuño	venres
Día Nacional de Galicia	25 xullo	luns
A Asunción da Virxe	15 agosto	luns
Festa Nacional de España	12 outubro	mércores
Todos os Santos	1 novembro	martes
Día da Constitución Española	6 decembro	martes
A Inmaculada Concepción	8 decembro	xoves
Natividade do Señor	25 decembro	domingo

Festa de carácter nacional non substituíble

Festivos obrigatorios que caen en domingo

Festa de carácter nacional sobre a que a Comunidade Autónoma non exerceu a facultade de substitución

Festa propia da Comunidade Autónoma

En 2016, dous festivos obrigatorios serán un domingo: o 1 de maio, que se substitúe polo 17 de maio, martes, Día das Letras Galegas; e o 25 de decembro, que se cambia polo 24 de xuño, venres, con motivo da celebración do día de San Xoán